R/Cuart de Poblet s/n.- 27800 Vilalba – Lugo Teléfono 982.870.860 - Móbil 633.149.402 E-mail: ies.lois.pena.novo@edu.xunta.gal
Web: https://iespenanovo.com/ Facebook: http://www.facebook.com/iesloispenanovo Instagram: @iesloispenanovo

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS/AS PARA MOBILIDADES NO CURSO 2026/2027 PROGRAMA ERASMUS+ KA131-HED PROXECTO ERASMUS+ Nº 2025-1-ES01-KA131-HED-000308457

1. PROCEDEMENTO

Ábrese o prazo para solicitar prazas de mobilidade Erasmus+ para aquelas persoas que, durante o curso académico 2026/2027, estean matriculadas **no segundo curso dun ciclo formativo de grao superior e vaian realizar o módulo de Formación en Empresa,** así como para aquelas persoas que **obtivesen a súa titulación no curso anterior e desexen realizar a mobilidade como persoas recentemente tituladas**.

As persoas interesadas en participar no proceso de selección deberán cubrir a solicitude correspondente, que poderán recoller na secretaría do centro, e achegar a documentación necesaria para acreditar os méritos que se valorarán segundo os criterios establecidos neste procedemento.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase unha listaxe provisional das persoas solicitantes, na que figurarán as persoas admitidas e, de ser o caso, as excluídas. Contra esta listaxe poderanse presentar reclamacións no prazo establecido. Unha vez resoltas, publicarase a listaxe definitiva.

Calendario do proceso de selección

Actuación	**Data**
Prazo de presentación de solicitudes	05/11/2026 – 23/11/2026
Publicación da listaxe provisional	24/11/2026
Prazo de reclamacións e renuncias	25/11/2026 – 27/11/2026
Publicación da listaxe definitiva	30/11/2026

2. CRITERIOS DE SELECCIÓN PARA O ALUMNADO DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

A selección das persoas solicitantes realizarase de acordo cos seguintes criterios:

A puntuación máxima será de 14 puntos, distribuídos nos seguintes apartados:

2.1. Expediente académico (máximo 4 puntos)

R/Cuart de Poblet s/n.- 27800 Vilalba – Lugo Teléfono 982.870.860 - Móbil 633.149.402 E-mail: ies.lois.pena.novo@edu.xunta.gal
Web: https://iespenanovo.com/ Facebook: http://www.facebook.com/iesloispenanovo Instagram: @iesloispenanovo

Valorarase a nota media do primeiro curso do ciclo formativo no caso do alumnado que vaia realizar a Formación en Empresa e a nota media do ciclo formativo completo no caso das persoas recentemente tituladas.

A puntuación será a seguinte:

- Nota media inferior a 6: **1 punto**.
- Nota media comprendida entre 6 e 7, ambos incluídos: **2 puntos**.
- Nota media superior a 7 e inferior a 9: **3 puntos**.
- Nota media igual ou superior a 9: **4 puntos**.

2.2. Competencias lingüísticas (máximo 4 puntos)

Valorarase o coñecemento do idioma de traballo ou do país de acollida, mediante a presentación de certificados oficiais dalgún idioma que poida empregarse nas mobilidades.

A puntuación será:

- Nivel B1: **1 punto**.
- Nivel B2: **2 puntos**.
- Nivel C1: **3 puntos**.
- Nivel C2: **4 puntos**.

2.3. Entrevista persoal (máximo 4 puntos)

A comisión avaliadora realizará unha entrevista persoal ás persoas candidatas. Nela valoraranse as aptitudes e actitudes persoais en relación coas actividades que se van desenvolver durante a mobilidade, así como:

- O grao de responsabilidade.
- A capacidade de traballo en equipo.
- A capacidade comunicativa.
- A motivación e disposición para participar na experiencia.

Será necesario obter unha puntuación mínima de **2 puntos neste apartado** para superar a fase de selección.

A non presentación á entrevista entenderase como renuncia á bolsa, polo que a solicitude será desestimada.

2.4. Participantes con menos oportunidades (2 puntos)

R/Cuart de Poblet s/n.- 27800 Vilalba – Lugo Teléfono 982.870.860 - Móbil 633.149.402 E-mail: ies.lois.pena.novo@edu.xunta.gal
Web: https://iespenanovo.com/ Facebook: http://www.facebook.com/iesloispenanovo Instagram: @iesloispenanovo

Outorgaranse **2 puntos** ás persoas solicitantes que acrediten atoparse nalgunha das seguintes situacións:

a) Discapacidade

Acreditarase mediante certificado de discapacidade emitido pola autoridade correspondente ou mediante solicitude aberta para o recoñecemento da discapacidade, acompañada de informes médicos, psicolóxicos, psiquiátricos ou de entidades sociais.

b) Dificultades educativas e formativas

Acreditaranse mediante informe preceptivo do Departamento de Orientación do centro educativo.

c) Obstáculos socioeconómicos

Esta situación poderá acreditarse mediante algún dos seguintes documentos:

- Certificado de ser ou ter sido beneficiario/a dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración Xeral do Estado no curso inmediatamente anterior ao da mobilidade.
- Certificado de ser beneficiario/a dunha bolsa de comedor ou libros.
- Certificado de percepción do Ingreso Mínimo Vital, Renda Mínima de Inserción ou calquera outra prestación de igual ou similar natureza da unidade familiar ou do proxenitor que teña a custodia, no caso de menores.
- Informe dos servizos sociais que acredite unha situación de exclusión social, risco de exclusión social ou situación de especial necesidade e/ou emerxencia social.
- Certificado de familia numerosa.
- Certificado de familia monoparental.
- Certificado de vítima de terrorismo.
- Acreditación de situacións de violencia de xénero.
- Certificado de orfandade.
- Certificado de situación de dependencia, no caso de participantes con persoas dependentes ao seu cargo.
- Certificación de ser persoa tutelada pola Administración.
- Acreditación de situacións nas que non se poida acceder ás prestacións anteriores por non cumprir os requisitos de residencia ou empadroamento ou por ter esgotado o período máximo de percepción establecido legalmente.
- Contrato de traballo a tempo completo.

R/Cuart de Poblet s/n.- 27800 Vilalba – Lugo Teléfono 982.870.860 - Móbil 633.149.402 E-mail: ies.lois.pena.novo@edu.xunta.gal
Web: https://iespenanovo.com/ Facebook: http://www.facebook.com/iesloispenanovo Instagram: @iesloispenanovo

d) Problemas de saúde

Acreditaranse mediante algún dos seguintes documentos:

- Situación de saúde física que xere a necesidade de apoio adicional: informe médico expedido polo centro de saúde, especialista ou autoridade sanitaria competente.
- Situación de saúde mental que xere a necesidade de apoio adicional: informe de saúde mental expedido polo centro de saúde, especialista ou autoridade sanitaria competente.

e) Diferenzas culturais

Acreditaranse mediante algún dos seguintes documentos:

- Resolución de recoñecemento da condición de persoa refuxiada ou con dereito a protección subsidiaria, ou xustificante de ter presentado solicitude de protección internacional en España.
- Informe dos servizos sociais que acredite a pertenza a outra etnia.
- Informe do Departamento de Orientación do centro educativo.

f) Discriminación

Esta situación acreditarase mediante certificado da Administración competente e informe do Departamento de Orientación do centro educativo que xustifique este obstáculo, por exemplo, por acoso escolar.

3. CRITERIOS DE DESEMPATE

No caso de empate na puntuación total obtida, darase prioridade ás persoas candidatas seguindo esta orde:

1. Estudantes procedentes de contornas socioeconómicas menos favorecidas.
2. Estudantes que nunca participasen en mobilidades Erasmus+.
3. Se persiste o empate, realizarase a selección mediante sorteo.

4. CLÁUSULA DE EXCLUSIÓN

Poderán quedar excluídas do proceso ou da mobilidade aquelas persoas nas que concorran causas sobrevidas que impidan o adecuado aproveitamento da experiencia de mobilidade.

R/Cuart de Poblet s/n.- 27800 Vilalba – Lugo Teléfono 982.870.860 - Móbil 633.149.402 E-mail: ies.lois.pena.novo@edu.xunta.gal
Web: https://iespenanovo.com/ Facebook: http://www.facebook.com/iesloispenanovo Instagram: @iesloispenanovo

5. ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS E LISTAXE DE RESERVA

Ao remate do proceso publicarase unha listaxe das persoas candidatas presentadas, coa puntuación obtida segundo os criterios de selección anteriormente establecidos.

No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles no centro, serán adxudicatarias aquelas persoas que obteñan as puntuacións máis altas, ata cubrir o número de prazas ofertadas. O resto das persoas candidatas quedarán ordenadas nunha listaxe de reserva, para cubrir posibles renuncias ou vacantes.

No caso de que se presenten persoas candidatas de diferentes familias profesionais, procurarase realizar unha distribución equitativa das prazas entre as distintas especialidades, tendo en conta as posibilidades de mobilidade e as prazas dispoñibles.

6. RENUNCIA Á MOBILIDADE

As persoas seleccionadas que decidan renunciar á praza adxudicada deberán comunicalo ao centro educativo por escrito, dentro do prazo establecido para as renuncias.

A renuncia permitirá ofrecer a praza vacante ás persoas candidatas que figuren na listaxe de reserva, seguindo a orde de prelación establecida.

No caso de que a renuncia se produza unha vez adxudicada a mobilidade, recoméndase comunicala ao centro coa maior antelación posible, para facilitar a reorganización das prazas e evitar prexuízos na planificación do proxecto.

En Vilalba, a 4 de novembro de 2026.